



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

CONCESIÓN PROVISIONAL DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024

ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE NOVE DE AGOSTO DE 2024 DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA LISTAXE DO ACORDO DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024 (ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DOCE DE XULLO DE 2024)

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día nove de agosto de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e catro, aprobou o acordo de concesión provisional de premios a deportistas individuais, anualidade 2024.

Tendo en conta que o referido acordo de carácter provisional, se notificou aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións, a través da publicación no BOP N.º 168 do sábado, 20 de xullo de 2024 e que realizada a publicación se detectou erro material na transcripción do nome de un dos deportistas relacionados na listaxe da acta da Comisión de Avaliación e na respectiva proposta de acordo de concesión provisional.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Visto que o referido erro material consistiu na mala transcripción do nome de un dos deportistas solicitantes e que por tanto se acredita que o erro material é patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non produce unha alteración fundamental no sentido do acto.

Tendo en conta que a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto, neste caso a Xunta de Goberno.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, proponlle a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Corrixir e emendar o erro sinalado na listaxe do acordo de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2024, aprobado por Xunta de Goberno de data doce de xullo de dous mil vinte e catro, no seguinte sentido:

· Onde di:

2024/PES_03/007082LUCÍA VILLAR MOA	***1757**	ATLETISMO	300,00 €
------------------------------------	-----------	-----------	----------

· Debe dicir:

2024/PES_03/007082LUCA VILLAR MOA	***1757**	ATLETISMO	300,00 €
-----------------------------------	-----------	-----------	----------

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Lugo, 13 de agosto de 2024.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2024. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Montserrat Conde López.

R. 2473

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 12.08.2024 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 12 de agosto de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2474

BARREIROS

Anuncio

No pleno do 12 de agosto de 2024 aprobouse inicialmente a Ordenanza municipal de xestión da biomasa e actividades forestais en solos de núcleo rural, urbanizable delimitado e urbano para a prevención de incendios forestais no Concello de Barreiros.

Sométese o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.

Barreiros, 13 de agosto de 2024.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2475

Anuncio

ACTUALIZACIÓN DO IMPORTE DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS

O Pleno do Concello de Barreiros en sesión do 12 de agosto de 2024 tomou os seguintes abordos organizativos cuxa parte dispositiva se transcribe a continuación:

“ACTUALIZACIÓN DO IMPORTE DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS

Primeiro.- A modificación das retribucións a percibir polo exercicio con dedicación exclusiva do cargo de Alcaldesa, actualizándoa nese 2%, ós 2.429,78 € brutos mensuais.

Segundo.- A modificación das retribucións a percibir polo exercicio con dedicación exclusiva do cargo de Concelleira de Servizos Sociais, actualizándoa nese 2%, ós 1.530 € brutos mensuais.”

Barreiros, 13 de agosto de 2024.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2476

BURELA

Anuncio

TEMARIOS DOS PROCESOS EXTRAORDINARIOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE BURELA

Por esta Alcaldía foi ditado Decreto n.º 2024-0746 en data 7 de agosto de 2024 pola cal se aproban os seguintes temarios/programas dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal correspondentes á praza de Técnico de Xestión de Administración Xeral do Concello de Burela en substitución dos anulados por Decreto de Alcaldía número 2024-0744:

- MATERIAS COMÚNS

1.- *A Constitución Española de 1978 e o estado das autonomías, nomeadamente o Estatuto de Autonomía de Galicia. Contido, forma de aprobación e reforma.*

2.- *O acto administrativo e o procedemento propio do Dereito Administrativo. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.*

3.- *Os contratos do sector público: Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

4.- *O Municipio: Concepto e elementos. As competencias municipais. Formas de acción administrativa das entidades locais.*

5.- *O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación aos seus bens.*

MATERIAS ESPECÍFICAS:

1.- *A Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*

2.- *Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, e Ordenanza sobre Regulación Integrada de Actividades Económicas, Apertura de Establecementos e Desenvolvemento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas no Concello de Burela.*

3.- *Lei 10/2017, do 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia. Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.*

4.- *A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.*

5.- *A responsabilidade da Administración pública: Carácteres. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade: Procedemento xeral e procedemento abreviado. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.*

6.- *O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Utilización: reserva e concesión. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.*

7.- *Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Decreto 141/2012, de 21 de xuño, por el que se aproba o Regulamento marco del Servizo Público de Saneamento y Depuración de Aguas Residuais de Galicia. Competencias dos Entes Locais.*

8.- *Lei 6/2021 do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia. Ordenanza municipal de limpeza do concello de Burela. Competencias dos Entes Locais.*

9.- *Lei 22/1988, 28 xullo, de Costas. Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.*

10.- *Ordenanza municipal reguladora de uso de praias do concello de Burela BOP nº 280 de 05/12/15. Regulamento do Comité de Xestión de Praias do Concello de Burela BOP n.º 161 de 15/07/09.*

11.- *Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.*

12.- *As formas de acción administrativa das entidades locais. A actividade de policía: A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: As súas clases. O réxime das licenzas. A comunicación previa e a declaración responsable.*

13.- *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. Ordenanza municipal de protección do medio ambiente en materia de ruidos e vibracións do concello de Burela. Competencias dos Entes Locais.*

14.- *Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.*

15.- *Lexislación sobre protección e tenza da animais de compañía e de animais potencialmente perigosos en Galicia.*

16.- *Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Competencias dos Entes Locais.*

17.- *A intervención na edificación e no uso do solo. As licenzas: actos suxeitos a licenza, actos promovidos polas administracións públicas. Contido do proxecto técnico de obra, contido da licenza, licenza de 1ª ocupación, silencio administrativo na concesión de licenzas. Os informes sectoriais.*

18.- *As comunicacións previas: actos suxeitos a comunicacións previas especial referencia á ordenanza reguladora das comunicacións previas do concello de Burela.*

19.- *As ordes de execución. Deberes de conservación, limpeza e ornato. Expediente de declaración de ruína. Os informes sectoriais.*

20.- *A inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. Obras sen a preceptiva autorización administrativa ou contrarias as súas condicións. Inexactitude, falsidade e omisión de datos nas comunicacións previas de obras. A restauración da legalidade urbanística.*

Burela, 13 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2477

O INCIO

Anuncio

En relación ao expediente para a cobertura de 6 prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar, mediante concurso, do cadro de persoal laboral fixo do Concello do Incio, regulado nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2022-0450, de data 27/12/2022 e publicadas no taboleiro de anuncios e sede electrónica deste Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298, do 30/12/2022, celebrado en data 03/07/2024 polo tribunal cualificador do proceso selectivo acto de valoración de méritos e proba de galego ás candidatas que non acreditaron o seu coñecemento en fase de solicitude, publicouse na mesma data no taboleiro de anuncios físico e electrónico deste Concello (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>) acta do proceso selectivo. Así mesmo, publicouse anuncio no BOP de Lugo nº 164 de data 16/07/2024, coa proposta de contratación e a apertura dun prazo de 20 días naturais aos efectos de que as candidatas presentasen a documentación indicada na base décima reguladora do proceso selectivo de forma previa ao seu nomeamento e contratación. Atopada de conformidade a documentación, ditouse Resolución de Alcaldía nº 2024-0197 de data 07/08/2024 que a continuación se transcribe, e que se fai pública ao abeiro das bases reguladoras do proceso selectivo:

“DECRETO DE ALCALDÍA**Expediente n.º: 369/2022**

Asunto: Resolución do procedemento de selección de 6 Auxiliares de Axuda no Fogar, persoal laboral fixo do Concello do Incio, por concurso de méritos, proceso selectivo de estabilización do emprego temporal (OEP 2022 extraordinaria de estabilización do emprego temporal de longa duración, ao abeiro das disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público).

D. Héctor Manuel Corujo González, Alcalde – Presidente do Concello do Incio, na data de sinatura.

Vista a Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización do emprego temporal, para o ano 2022, aprobada por este Concello por Decreto de Alcaldía n.º 2022-0166, de data 24/05/2022, e publicada no BOP de Lugo n.º 123 e DOG n.º 103, de data 31/05/2022, para cubrir 6 prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar por concurso de méritos.

Visto o expediente para a cobertura de 6 prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar, mediante concurso de méritos, do cadro de persoal laboral fixo do Concello do Incio, regulado nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía n.º 2022-0450, de data 27/12/2022 e publicadas no taboleiro de anuncios e sede electrónica deste Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 298, do 30/12/2022.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado n.º 57, de data 05/03/2024 e no Diario Oficial de Galicia n.º 33, de data 15/02/2024.

Vista a proposta do tribunal cualificador en relación coa valoración de méritos para a cobertura en réxime laboral fixo de seis Auxiliares de Axuda no Fogar.

Vista a publicación coa relación de aprobadas no BOP n.º 164, do 16/07/2024, na que se indicaba a apertura dun prazo de 20 días naturais aos efectos da presentación da documentación previa a contratación.

Presentada polas aspirantes e comprobada a documentación acreditativa correspondente, segundo o establecido no punto 10º da bases reguladoras do proceso selectivo de referencia, que consta no expediente.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de opositores/as propostos/as polo tribunal cualificador outorgándolles a seguinte puntuación:

APellidos e Nome	N.I.F.	EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 90 pts)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁXIMO 10 pts)	TOTAL (MÁXIMO 100 pts)
Armesto Pérez, Elvira	***5799**	47,90	10,00	57,90
Corujo Armesto, Avelina	***6135**	90,00	10,00	100,00
Fernandes Santos, Rosa Paula	***0191**	90,00	10,00	100,00
López De La Fuente, M.ª Luisa	***6913**	90,00	10,00	100,00
López García, Tania	***8308**	35,00	0,00	35,00
López Pérez, Marta	***7481**	90,00	10,00	100,00
Moscoso Fernández, M.ª José	***7320**	90,00	10,00	100,00
Souto Sampedro, M.ª Eugenia	***2421**	90,00	10,00	100,00

SEGUNDO.- Á vista dos resultados obtidos e da proposta do tribunal, seleccionar as seguintes candidatas:

CORUJO ARMESTO, AVELINA

FERNANDES SANTOS, ROSA PAULA (*)

LÓPEZ DE LA FUENTE, Mª LUISA

LÓPEZ PÉREZ, MARTA

MOSCOSO FERNÁNDEZ, Mª JOSÉ

SOUTO SAMPEDRO, Mª EUGENIA

(*) Segundo recolle a acta do tribunal de valoración, a candidata indicada, disporá de 2 anos para acreditar o coñecemento do idioma galego ao non acreditalo en fase de solicitude nin superar a proba de galego

(Segundo a base 7.3 o exercizo de galego non terá carácter eliminatorio, os que non o superen terán 2 anos para facer o curso. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoque).

TERCEIRO.- Nomear as traballadoras indicadas no punto segundo como persoal laboral fixo do cadro de persoal deste Concello, en virtude dos antecedentes indicados, na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar, instando á sinatura do contrato laboral correspondente segundo a lexislación vixente. En atención á base 10ª reguladora do proceso selectivo, o contrato formalizarase no prazo dun mes dende a publicación do nomeamento.

CUARTO.- Ordear a Publicación dos resultados e do presente nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro das bases novena e décima que regulan este proceso selectivo”.

O Incio, 13 de agosto de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2478

Anuncio

En relación ao expediente para a cobertura de 1 praza de Auxiliar de Axuda no Fogar, mediante concurso-oposición, do cadro de persoal laboral fixo do Concello do Incio, regulado nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2022-0450, de data 27/12/2022 e publicadas no taboleiro de anuncios e sede electrónica deste Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298, do 30/12/2022, celebrado en data 03/07/2024 polo tribunal cualificador do proceso selectivo exercizo da fase de oposición, acto de valoración de méritos e proba de galego ás candidatas que non acreditaron o seu coñecemento en fase de solicitude, publicouse na mesma data no taboleiro de anuncios físico e electrónico deste Concello (<https://concelloincio.sedelectronica.gal>) acta do proceso selectivo. Así mesmo, publicouse anuncio no BOP de Lugo nº 164, de data 16/07/2024, coa proposta de contratación e a apertura dun prazo de 20 días naturais aos efectos de que as candidatas presentasen a documentación indicada na base décima reguladora do proceso selectivo de forma previa ao seu nomeamento e contratación. Atopada de conformidade a documentación, ditouse Resolución de Alcaldía nº 2024-0196, de data 07/08/2024, que a continuación se transcribe, e que se fai pública ao abeiro das bases reguladoras do proceso selectivo:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente n.º: 369/2022

Asunto: Resolución do procedemento de selección de 1 Auxiliar de Axuda no Fogar, persoal laboral fixo do Concello do Incio, por concurso-oposición, proceso selectivo de estabilización do emprego temporal (OEP 2022 extraordinaria de estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 e disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público).

D. Héctor Manuel Corujo González, Alcalde – Presidente do Concello do Incio, na data de sinatura.

Vista a Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización do emprego temporal, para o ano 2022, aprobada por este Concello por Decreto de Alcaldía n.º 2022-0166, de data 24/05/2022, e publicada no BOP de Lugo n.º 123 e DOG n.º 103, de data 31/05/2022, para cubrir 1 praza de Auxiliar de Axuda no Fogar por concurso-oposición.

Visto o expediente para a cobertura de 1 praza de Auxiliar de Axuda no Fogar, mediante concurso-oposición, do cadro de persoal laboral fixo do Concello do Incio, regulado nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2022-0450, de data 27/12/2022 e publicadas no taboleiro de anuncios e sede electrónica deste Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298, do 30/12/2022.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado nº 56, de data 04/03/2024 e no Diario Oficial de Galicia nº 33, de data 15/02/2024.

Vista a proposta do tribunal cualificador en relación coa resolución do concurso oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de unha Auxiliar de Axuda no Fogar.

Vista a publicación coa relación de aprobadas no BOP nº 164, do 16/07/2024, na que se indicaba a apertura dun prazo de 20 días naturais aos efectos da presentación da documentación previa a contratación.

Presentada pola aspirantes e comprobada a documentación acreditativa correspondente, segundo o establecido no punto 10º das bases reguladoras do proceso selectivo de referencia, que consta no expediente.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de opositores/as propostos/as polo tribunal cualificador outorgándolles a seguinte puntuación:

APELIDOS E NOME	N.I.F.	FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO 60 pts)	FASE DE CONCURSO (MÁXIMO 40 pts)	TOTAL (MÁXIMO 100 pts)
Armesto Pérez, Elvira	***5799**	47,00	32,74	79,74
López García, Tania	***8308**	30,75	21,00	51,75
López Vázquez, Fe	***5684**	50,50	40,00	90,50
Pérez Rego, Begoña	***4544**	40,75	40,00	80,75

SEGUNDO.- Á vista dos resultados obtidos e da proposta do tribunal, seleccionar a seguinte candidata:

LÓPEZ VÁZQUEZ, FE

TERCEIRO.- Nomear á traballadora indicada no punto segundo como persoal laboral fixo do cadro de persoal deste Concello, en virtude dos antecedentes indicados, na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar, instando á sinatura do contrato laboral correspondente segundo a lexislación vixente. En atención á base 10ª reguladora do proceso selectivo, o contrato formalizarase no prazo dun mes dende a publicación do nomeamento.

CUARTO.- Ordear a Publicación dos resultados e do presente nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro das bases novena e décima que regulan este proceso selectivo”.

O Incio, 13 de agosto de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2479

LUGO

Anuncio

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do Ilmo. Sr. Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, en virtude de delegación da Xunta de Goberno Local segundo o seu acordo 40/607, do 26 de xullo de 2023 ditou na data de **13 de agosto de 2024** o Decreto número **7506/2024**, polo que se aproba o padrón de Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos do exercicio 2024, e na data de **13 de agosto de 2024**, o Decreto número **7557/2024**, polo que se aproba o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 2024.

Conforme ao disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ao público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Ilmo. Tenente de Alcaldesa delegado da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 13 de agosto de 2024. Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do Ilmo. Sr. Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos

R. 2483

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0108 de data do 07.08.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de xaneiro de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 393,04 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 136,61 €.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 9 de agosto de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2480

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0107 de data do 07.08.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de febreiro de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 393,04€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 105,42 €.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 9 de agosto de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R.2481

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 6/2024 mediante créditos extraordinarios 1/CE/2024

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 6/2024, dentro do orzamento municipal do exercicio 2024, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 20 de xullo ó 12 de agosto de 2024, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 167 de data 19 de xullo de 2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO	TOTAL PARTIDA
Renovación da cuberta do antigo colexio de Zanfoga	337.619	0,00	35.200,00	35.200,00

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrución de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.435.084,48

Remanente Utilizado:	4.116,17
Remanente Líquido de Tesourería Disponible:	1.430.968,31
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	35.200,00
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.395.768,31

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	160.389,95		160.389,95
2	0,00		0,00
3	109.393,68		109.393,68
4	770.938,08		853.931,75
5	6.296,40		6.396,40
6	0,00		0,00
7	378.419,42		515.900,73
8	1.046.934,45	35.200,00	1.082.134,45
9	0,00		0,00

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	1.157.331,91		1.157.331,91
2	377.797,13		377.797,13
3	400,00		400,00
4	57.192,43		57.192,43
5	0,00		0,00
6	879.650,51	35.200,00	914.850,51
7	0,00		0,00
8	0,00		0,00
9	0,00		0,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de agosto de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2484

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 7/2024 mediante suplementos de créditos 2/SC/2024

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 7/2024, dentro do orzamento municipal do

exercicio 2024, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 19 de xullo ó 9 de agosto de 2024, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 166 de data 18 de xullo de 2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO	TOTAL PARTIDA
Soldos e salarios do persoal Laboral Temporal. Actuacións de carácter económico.	450.131	97.298,51	47.250,00	144.548,51
Seguridade social persoal Laboral Temporal. Actuacións de carácter económico.	450.16000	36.998,18	22.750,00	59.748,18

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.435.084,48
Remanente Utilizado:	39.316,17
Remanente Líquido de Tesourería Dispoñible:	1.395.768,31
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	70.000,00
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.325.768,31

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	160.389,95		160.389,95
2	0,00		0,00
3	109.393,68		109.393,68
4	770.938,08		853.931,75
5	6.296,40		6.396,40
6	0,00		0,00
7	378.419,42		515.900,73
8	1.082.134,45	70.000,00	1.152.134,45
9	0,00		0,00

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	1.157.331,91	70.000,00	1.227.331,91
2	377.797,13		377.797,13
3	400,00		400,00
4	57.192,43		57.192,43
5	0,00		0,00

6	914.850,51		914.850,51
7	0,00		0,00
8	0,00		0,00
9	0,00		0,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de agosto de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2485

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 12 de agosto de 2024, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 12 de agosto de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2482
